

# REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO

## GUITARRA

### INTRODUCCIÓN

A materia de repentización, ó longo dos 2 cursos nos que se imparte pretende globalizar os diversos compoñentes que a integran (improvisación, lectura á vista, realización de cifrados, transposición, etc.) arredor de tres eixes principais: unha certa destreza na técnica de execución, ou, o que vén ser o mesmo, un certo grao de desenvolvemento dos mecanismos reflexos que a determina, adquirida mediante a práctica diaria ó longo dos anos intermedios da educación instrumental e que a repentización e o acompañamento veñen potenciar; plena comprensión dos coñecementos harmónicos previamente adquiridos e a capacidade creativa para desenvolvelos e aplicarlos en situacións diversas.

Inclúense dentro dos bloques de contidos os seguintes campos de coñecementos:

\*Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite, a través da práctica de fórmulas específicas, para elaborar acompañamentos a melodías, así como para construír pequenas pezas musicais que permitan, por medio de ambos os dous procedementos, obter un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade se poderá abordar dentro do grao superior.

\*Práctica da repentización como procedemento imprescindible para desenvolver automatismos que lle permitan ó instrumentista a realización instantánea do texto musical, asimilando ó propio tempo e de forma inmediata as súas características en canto á época e ó estilo ó que pertenza. Polo tanto, non se trata soamente de incrementar a capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto, senón de comprender o sentido dos seus elementos esenciais e interpretalos no instrumento a medida que se le a obra. Por iso, a repentización está estreitamente relacionada coa análise, o que, á vez, depende de toda unha serie de coñecementos teórico-prácticos previamente adquiridos.

\*Destreza na transposición como mecanismo que permite adecuar a tonalidade á tesitura do solista -fundamentalmente na música vocal-, facilita a lectura de partituras de orquestra e, ademais do seu valor funcional, posúe un alto valor formativo que procede, por unha parte, do dominio dos procedementos tradicionais (cambio de claves e armadura, cálculo do número de diferenzas) e, por outra parte, do enfoque sintético que achega a lectura harmónica, grazas ó cal, a estrutura interna dun fragmento musical pode ser interpretada en calquera

tonalidade.

\*Realización de cifrados (baixos cifrados, cifrado americano, cifrado funcional), como práctica de acompañamento a unha melodía. Esta práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental e, por esixir un certo grao de creatividade, supón ademais, como se dixo anteriormente, un contacto preliminar á improvisación, cuxo estudo en profundidade poderase abordar dentro do grao superior.

### **1º e 2º Cursos (5º e 6º de Grao Profesional)**

#### **Obxectivos para os dous cursos:**

O ensino da repentización e acompañamento no grao profesional terá como obxectivo contribuír ao desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- b) Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- c) Improvisar unidades formais a partir dun esquema harmónico dado, así como o acompañamento a unha melodía a partir ou non dun baixo cifrado.
- d) Coñecer a disposición formal de obras de factura clara, analizando as súas seccións, puntos de tensión, etc., para determinar os aspectos esenciais e posibilitar a lectura á primeira vista.
- e) Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- f) Valorar a improvisación como unha práctica que desenvolve a creatividade e a imaxinación musical.
- g) Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- h) Coñecer e utilizar diferentes tipos de cifrado.

#### **Contidos para os dous cursos:**

##### Improvisación.

- Exercicios cunha harmonía única e con variantes rítmicas de progresiva dificultade.
- Estruturas harmónicas básicas elaborando frases, breves fragmentos e pequenas pezas.
- Estruturas rítmicas básicas: descrición da estrutura rítmica e realización de estruturas rítmicas de acompañamento e de solista.
- Análise de frases-modelo de diferentes tipos.

- Subdivisión interna da frase.
- Proceso pregunta-resposta de acordo coas estruturas harmónicas.

### Repentización.

- A lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica. Singularidades propias da Guitarra
- Introdución á lectura harmónica tendo en conta as singularidades propias da Guitarra
- Análise harmónico-formal, melódico-rítmica aplicada á repentización.
- Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
- Lectura harmónica de partituras do ámbito tonal aplicadas á Guitarra
- Interpretación dos elementos substanciais derivados da análise aplicándoos ás singularidades propias da Guitarra.
- Repentización de partituras de diferentes estilos e épocas coas limitacións propias da Guitarra
- Repentización con carácter de acompañante ou non, aplicando as técnicas propias da Guitarra.

### Transposición.

- O transporte na música actual. Técnicas específicas aplicadas á Guitarra.
- O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónicos. Técnicas específicas aplicadas á Guitarra.
- Técnica e mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferenzas, etc., e a súa utilidade. Técnicas específicas aplicadas á Guitarra.
- Os instrumentos transpositores.
- Lectura e transporte harmónico de partituras. Técnicas específicas aplicadas á Guitarra.
- Transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade. Técnicas específicas aplicadas á Guitarra.

### Baixo cifrado.

- Aproximación ao cifrado harmónico. Aplicación específica na Guitarra.
- Utilización e significado dos cifrados correspondentes a tríades e sétimas na harmonía tonal. Aplicación específica na Guitarra.
- Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas. Aplicación específica na Guitarra.
- Introdución ao cifrado americano. Aplicación específica na Guitarra
- Utilización e significado dos cifrados básicos máis habituais na música lixeira. Aplicación específica na Guitarra
- Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas, aplicándoas a Guitarra.

## **Criterios de avaliación**

- 1) Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para guitarra segundo nivel do curso que se avalíe.

-Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para utilizar a análise como medio para achar a estrutura harmónica subxacente nun fragmento de música e determinar os diferentes tratamentos a que esta foi sometida polo compositor para a realización da obra.

2) Realización práctica de estruturas de catro ou oito compases na guitarra, semicadencial ou de cadencia perfecta segundo nivel do curso que se avalíe.

-Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental esquemas harmónicos cadenciais de duración breve empregando acordes en estado fundamental e partindo, como modelo de traballo, da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, nos cales os devanditos esquemas eran paradigmáticos.

3) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases empregando inversións dos acordes básicos na guitarra segundo nivel do curso que se avalíe.

-Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para realizar de forma instrumental, a partir da análise de fragmentos tomados de partituras dos períodos clásico e romántico, esquemas harmónicos en que se poida apreciar a súa progresiva asimilación das posibilidades expresivas das distintas inversións dos acordes empregados.

4) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases na guitarra, empregando inversións dos acordes básicos, utilizando diferentes formulacións rítmicas segundo nivel do curso que se avalíe.

-A finalidade deste criterio é avaliar a habilidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos nos cales se empreguen inversións dos acordes básicos, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

5) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases na guitarra, introducindo dominantes secundarias ou de paso segundo nivel do curso que se avalíe.

-Mediante este criterio poderá avaliarse a capacidade do alumnado para realizar estruturas harmónicas evolucionadas, por medio da introdución de dominantes secundarias ou de paso que enriquezan e amplíen o seu campo tonal.

6) Realización práctica de estruturas harmónicas de catro ou oito compases na guitarra, introducindo dominantes secundarias ou de paso, e utilizando diferentes formulacións rítmicas segundo nivel do curso que se avalíe.

-Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para desenvolver, a través de diferentes realizacións rítmicas, esquemas harmónicos dunha proposta tonal enriquecida mediante a introdución de dominantes secundarias ou de paso, así como avaliar o grao de mecanización da súa comprensión teórica e práctica.

7) Superposición, a unha estrutura harmónica de catro ou oito compases na guitarra, dunha estrutura melódica de acordo cos principios xerais de pregunta-resposta segundo nivel do curso que se avalíe.

-Este criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para crear, a partir de esquemas harmónicos dados, diferentes estruturas melódicas consecuentes a estes, así como a súa habilidade para organizar de forma lóxica o fraseo

resultante, a través do emprego de elementos e procedementos que se poidan organizar en forma de pregunta – resposta.

8) Transposición a distintos intervalos dunha estrutura harmónica de oito compases na guitarra sen que se inclúan inversións de acordes segundo nivel do curso que se avalíe.

-Trátase de avaliar o grao de adquisición por parte do alumnado do dominio por igual de todas as tonalidades, non tanto por medio da complexidade resultante dun transporte nota-a-nota, coa conseguinte lectura en diferentes claves e armaduras, como da transposición a distintos intervalos de diferentes estruturas harmónicas, idénticas en todas elas, utilizando as técnicas de transporte específicas da guitarra.

9) Realización na guitarra dunha estrutura harmónica de oito compases, previamente escrita, nunha tonalidade concreta segundo nivel do curso que se avalíe.

-Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para interpretar unha estrutura harmónica previamente composta e escrita por el mesmo, así como avaliar o grao de adquisición dunha técnica básica, tanto escrita como práctica.

10) Lectura harmónica dun fragmento sinxelo de partitura para guitarra segundo nivel do curso que se avalíe.

-Mediante este criterio poderanse avaliar os coñecementos analíticos do alumnado no referente á identificación das estruturas harmónicas básicas, mediante un exercicio de lectura baseado principalmente na eliminación de todo o que non sexa esencial desde o punto de vista das devanditas estruturas.

11) Repentización dunha partitura de guitarra participando dentro dun grupo de instrumentos como música de cámara ou acompañante segundo nivel do curso que se avalíe.

-Trátase de avaliar o grao de desenvolvemento dos reflexos e demais calidades que son estimuladas no alumnado a través da lectura improvisada formando parte dun grupo de instrumentistas.

12) Realización na guitarra, cun ritmo básico, dos acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira elixida previamente, na cal só aparezan a melodía e o cifrado americano segundo nivel do curso que se avalíe.

-Mediante este criterio de avaliación trátase de avaliar o grao de desenvolvemento no alumnado da capacidade para dar forma instrumental a través da descodificación do cifrado da súa harmonización, segundo sistema americano, así como o coñecemento deste e a soltura no seu manexo.

### **Mínimos esixibles:**

1º Trimestre:

- Demostrar dun xeito práctico o dominio dos contidos determinados no apartado “repentización” segundo o nivel do curso que se avalíe.

2º Trimestre:

- Demostrar dun xeito práctico o dominio dos contidos determinados

no apartado “transposición” segundo o nivel do curso que se avalíe.

3º Trimestre:

- Demostrar dun xeito práctico o dominio dos contidos determinados nos apartados “baixo cifrado” e Improvisación “segundo o nivel do curso que se avalíe.

Recuperación trimestral: Realizárase un exame ó comezo do trimestre dos contidos non acadados no trimestre anterior.

Recuperación final: Realizárase un exame en xuño cos mesmos criterios de avaliación que figuran para este curso.

### **Probas extraordinarias de xuño**

En xuño o alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos deste curso, no caso de que non se especifiquen outros no informe de recuperación onde se establezan as propostas de actividades de recuperación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

### **D – Procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado**

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado conteñen aspectos comúns ao longo dos dous cursos que abrangue esta programación. Así, independentemente do curso, nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. Este punto de partida determina en todo momento as accións a seguir.

No que respecta á medida dos resultados na materia primárase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicárase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escala de entre 0 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración da práctica, tanto individual e en conxunto, a través das prácticas de aula.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliábeis, entre as que constan en primeiro lugar a avaliación continua que o docente leva a cabo cada día acerca dos diferentes aspectos técnicos e interpretativos sobre os materias traballados na aula.

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe e fomenta a responsabilidade

### **E - Criterios de cualificación que se vaian a aplicar**

Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos teóricos, así como a capacidade para a súa posta en práctica. A consecución dos obxectivos

cun alto grao de desenvolvemento das destrezas, habilidades e coñecementos, suporá obter as máximas cualificacións. Esta gradación axustarase á consecución dos obxectivos establecidos para o curso tendo en conta os diferentes elementos establecidos nos criterios de avaliación

O non acadar os mínimos esixibles definidos nos criterios de avaliación suporá unha cualificación por debaixo do 5.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia.

## **F- Enfoque metodolóxico**

O enfoque metodolóxico terá aspectos comúns para todos os cursos, tendo en conta a necesidade de aplicar uns principios de coherencia que veñen determinados nos fundamentos do aprendizaxe constructivista. O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, tendo en conta a significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista que marcarán as dinámicas de aula:

1. Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica da interpretación.
2. O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

Nos dous cursos o traballo en colaboración alumno – profesor representa outro recurso metodolóxico trascendente xa que supón a posta en práctica do aprendizaxe vicario, especialmente nos aspectos vinculados cos contidos subxectivos do linguaxe da música, interpretación, dicción, expresión, interpretación, agónica etc.

Así mesmo a secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo á avaliación inicial, ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

Por último o traballo en coordinación con outros departamentos aporta a posibilidade de establecer criterios comúns no traballo conxunto, o que permitirá un mais acelerado proceso na consecución dos obxectivos.

## **G – Recursos didácticos**

Materiais de elaboración propia como esquemas gráficos de distribución de notas no diapasón da guitarra que permiten entender a súa estrutura, así como deseños harmónicos específicos escritos para o instrumento.

### **Bibliográficos:**

1. A MODERN METHOD FOR GUITAR. VOL 1, 2 e 3 William G. Leavit (Berklee Press)
2. READING STUDIES FOR GUITARR. William G. Leavit (Berklee Press)
3. ADVANCED READING STUDIES FOR GUITARR. William G. Leavit (Berklee Press)



## **Tecnolóxicos:**

1. Gravador dixital
2. metrónomo dixital

### **H - Procedementos de acceso ao currículo, se é o caso, para o alumnado con necesidades específicas.**

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

Neste mesmo sentido os alumnos de nova incorporación estarán suxeitos ao paso das correspondentes probas que establecen uns criterios mínimos de capacidade e aptitude para acceder aos estudos musicais.

Non deberemos perder de vista o establecido no decreto en referencia a que a finalidade do Grao Profesional deberá ser a de proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Polo tanto a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas está suxeita ás limitacións impostas por estas finalidades.

As medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes virán determinadas cas circunstancias específicas de cada caso, e serán as vinculadas coa adaptación da temporalización e secuenciación dos contidos, a orientación didáctica cara a cumprimentar as posibles dificultades da aprendizaxe, a adaptación dos recursos, sexan materiais, de mobiliario, bibliográficos, reorganización dos tempos lectivos e da sesión de clase, asignación de clases de apoio, cando a dispoñibilidade de profesorado o permita, o apoio das familias establecendo dinámicas máis estreitas de comunicación e cooperación, ou outras medidas reforzo e apoio educativo, sen que como xa se mencionou anteriormente, os compoñentes prescriptivos do currículo non se vexan afectados.

Por outra banda o propio decreto si establece un procedemento de Matrícula excepcional para alumnado coa capacidade suficiente que lle permita avanzar cara a cursos máis altos, o cal deberase ter en conta nestes casos.

### **I - Actividades culturais e promoción das ensinanza programadas polo departamento.**

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc.

Poderá plantesarxe como actividade complementaria a colaboración dos alumnos desta materia acompañando aos máis novos nos concertos, de forma que poñan en valor a utilización dos recursos aprendidos ao longo do curso



## **J - Procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o desenvolvemento e resultados da súa programación didáctica.**

O departamento encargárase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao finalizar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolvidos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo Xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

## **K- Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento**

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Esta levarase a cabo en cada unha das reunións preceptivas, co intercambio de opinións os compoñentes do mesmo. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberánse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

### **Regulación do procedemento da Proba de acceso ao 2º curso de Repentización e acompañamento (6º de Grao profesional) na especialidade de guitarra.**

Para o acceso ao 2º curso da materia de Repentización e acompañamento na especialidade de guitarra, levarase a cabo un exame teórico práctico que avalíe o grao de coñecementos e habilidades necesarios para abordar os contidos deste curso e cumprir os obxectivos que se pretenden. O contido dos exercicios virá determinado polos obxectivos específicos para esta materia que figuran na programación didáctica e a avaliación seguirá os criterios especificados no respectivo apartado da mesma.

## **ASPECTOS XERAIS RESPECTO DAS PROBAS DE ACCESO AO GRAO PROFESIONAL**

Segundo determina o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música no seu artigo 12:

1. Poderase acceder a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes.
2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria deberá regular o procedemento de acceso a calquera outro curso, que se axustará ao disposto nos puntos seguintes.
3. Esta proba constará de dous exercicios:
  - a) Interpretación, no instrumento ou coa voz, de tres obras de diferentes estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
  - b) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos das materias dos cursos anteriores a que se opte. Este exercicio cualificarase de cero a dez puntos, e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para o superar.
4. A puntuación definitiva da proba citada nos puntos anteriores será a media ponderada da cualificación obtida en ambos os exercicios. Para estes efectos ponderarase o primeiro deles nun 70 por cento, e o segundo nun 30 por cento.
5. A superación da proba de acceso faculta exclusivamente para se matricular no curso académico en que fose convocada.

#### Artigo 13º.-Admisión de alumnado.

A admisión de alumnado estará sometida aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e supeditada ás cualificacións obtidas nas probas de acceso a que se refiren os artigos 11º e 12º deste decreto.

Ademais, a Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, establece que:

#### Artigo 1º

Os conservatorios e os centros autorizados de música da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas do grao profesional establecidas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, desenvolverán as probas de acceso a este grao de acordo co disposto nos artigos 11 e 12 do devandito decreto e ademais co establecido nesta orde.

#### Artigo 2º

A proba de acceso realizarase nunha única convocatoria anual, que terá lugar no mes de xuño para o acceso ao primeiro curso, e no mes de setembro para os demais cursos.

#### Artigo 8º

As probas de acceso serán xulgadas por un tribunal constituído para tal efecto por profesores do centro designados pola dirección. Estas probas estrutúranse en dúas partes, a primeira de carácter práctico que avalía a interpretación instrumental, e a segunda que avalía os coñecementos teóricos e prácticos da linguaxe musical.

#### Artigo 9º

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou

para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.

#### Artigo 10º

Os aspirantes serán convocados para a proba nun único chamamento, e excluírase dela quen non compareza. Non obstante, poderanse considerar os casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal, para os efectos dun posterior chamamento. A non asistencia á proba suporá a perda da correspondente convocatoria.

#### Artigo 11º

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na primeira parte desta proba. Os centros poderán establecer unha lista de suplentes por orde de puntuación acadada co obxecto de cubrir posibles baixas.

Finalmente, segundo establece a Circular 15/2011 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, no seu punto 5.4 establece que:

No caso de acceso a outros cursos que non sexan o de 1º de grao elemental ou de grao profesional, os tribunais das probas correspondentes unha vez examinado o candidato ou candidata, poderán determinar a pertinencia da matrícula nun curso distinto, atendendo á suficiencia académica demostrada na proba. A dirección do centro, vista a proposta do tribunal, poderá modificar o curso ao que se oferta apraza, atendendo ademais a outras consideracións como a dispoñibilidade de recursos, equilibrio da oferta do centro, etc.

